


■ No teu camiño

Pazos de Borbén é terra de camiños, de sendas abertas polo paso do tempo. Entrar neste concello é viaxar a través dun territorio de gran beleza. Situado estratexicamente entre a Ría de



Vigo e as serras occidentais galegas, posúe características naturais que lle confiren un importante papel no que a oferta de disfrute da natureza e ocio se refire, oferta que se ve reforzada polo seu patrimonio construído e o seu carácter rural. A visita a este concello está especialmente indicada para quen goza descubrindo por si mesmo as sorpresas da terra.



Distante tan só 23 km. de Vigo, cun clima benigno, é un dos lugares idóneos para aqueles que busquen a tranquilidade e o descanso nunha área de montaña.

Dende os outeiros da Serra Galleiro, onde se acadan as máximas altitudes (658 m.), o visitante pode disfrutar de fermosas vistas do contorno da enseada de San Simón, ou do verdor e frondosidade da súa paisaxe.



Mención especial merece tamén a fértil cunca do río Borbén, que atravesa o concello de norte a sur, e a do río Barragán, fortemente encaixado e que forma límite natural con Fornelos de Montes.



O Concello, de 50 km.² de extensión, conta con 3.200 habitantes que se distribúen en 8 parroquias (Amoedo, Borbén, Cepeda, Ermida, Moscoso, Nespereira, Pazos, Xunqueiras) e 29 entidades de poboación. Nestas aínda podemos contemplar a típica casa rural da zona, feita en pedra e adaptada ás tarefas agrícolas e ó clima local.

■ A súa historia e patrimonio



Así mesmo, recentemente no Monte Buxel atopáronse restos de cabanas de madeira e un conxunto de fosas ovóides que se empregaban para o almacenamento de cereais na Idade do Bronce. Mais, desa época, debemos destacar os gravados rupestres que abundan no municipio e entre os que podemos citar os da Pedra das Tenxiñas, en Borbén, e os do Outeiro do Mar en Moscoso.

Como terra de canteiros, neste concello podemos disfrutar de verdadeiras obras de arte en pedra, que na maioría dos casos son anónimas. Destacan os cruceiros e petos de ánimas situadas nas encrucilladas de camiños e adros das igrexas, maxestuosas casas en pedra como a Casa grande de Xunqueira, fontes entre as que destaca a Fontana Maior de Moscoso, e cemiterios como o de Xunqueira. Por toda a súa xeografía atopamos capelas como a do Carme en Nespereira e igrexas parroquiais cos seus campanarios e adros.

Situación



Pazos de Borbén



Enderezos e teléfonos de interese

INFORMACIÓN

CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN

Pazos, nº 52

Telefonos:

986 49-70-35/986 49-74-20

E-mail:

pazosborben@concellos.depontevedra.es

Centro de Saúde: Pazos, nº 37

Urxencias médicas: Tlf: 061

Farmacia: Pazos, nº 35

Tlf: 986-49-71-27

Garda Civil (Fornelos de Montes)

Tlf: 986-76-85-17

Garda Civil (Provincial) Tlf: 062

G.C. Tráfico Tlf: 986-85-56-54

Protección Civil Tlf: 900-44-42-22

Incendios Forestais Tlf: 085

Xulgado de Paz Tifnos: 986 49-70-35/
986 49-74-20

Biblioteca: Pazos, nº 28

Colexio Público "Curros Enríquez"

Pazos, nº 25 Teléfono: 986-49-70-40



Padroado Provincial
de Turismo
"Rías Baixas"




CONCELLO DE PAZOS
DE BORBÉN



Excmo. Deputación
Provincial de Pontevedra



PAZOS DE BORBÉN



NO TEU CAMIÑO...



CONCELLO DE PAZOS
DE BORBÉN


Qué facer en Pazos de Borbén

Pazos posúe un emprazamento privilexiado que ofrece ó visitante múltiples e variadas posibilidades de disfrutar da natureza. Ó longo do río Barragán podemos delei-



IGREJA DE SANTIAGO

tarnos con multitude de currunchos onde ver correr a auga sentados á beira dun dos múltiples muíños que existen, entre os que podemos destacar o do Carrillón (Moscoso) xunto ó cal atopamos unha fermosa pontella de pedra que permite atravesar o río e dirixirnos cara paisaxes imponentes e en moitos casos solitarias.



CRUCEIRO DE BORBÉN

Os que gusten de andar poden adentrarse en carballeiras, soutos de ribeira e montes de piñeiros e eucaliptos. De feito o pulo do sendeirismo durante os últimos anos propiciou a creación neste concello de dúas rotas que conteñen elementos de grande interese e que aglutinan no seu percorrido fermosas aldeas de montaña.

Sendeiros



SENDEIRO DAS GREAS

O sendeiro GR-58 chamado "Sendeiro das Greas", de 594 km, atravesa Pazos en dirección noreste-suroeste, e ten continuidade polos concellos limítrofes de Fornelos de Montes, Mos e o resto dos concellos que integran a Mancomunidade de Vigo. Empeza na marxe esquerda do río Barragán e sobe ata Xunqueiras a través dunha zona forestal variada e por un camiño que aínda conserva o empedrado. Dende alí a ruta dirixese cara a Chan e Borgán, para logo descender cara ó río Borbén atravesando unha vella pontella que foi restaurada hai pouco tempo.



De seguido, andando por camiños tradicionais ata Teixosas podemos contemplar elementos característicos do medio rural galego como levadas para a auga, pasos para evitar zonas encharcadas, lavadoiros e fontes. A partir de entón comezamos a subir as estribacións da Serra do Galleiro dende



PONTELLA DO RÍO BARRAGÁN

onde poderemos disfrutar de magníficas vistas, paisaxe diversificada que introduce ó camiñante por espazos agrarios e espazos naturais catalogados. Entre os puntos de maior interese que atopamos nesta rota podemos destacar os bosques do río Barragán, a paisaxe rural da Chan (Xunqueiras), o val do río Borbén e a Serra do Galleiro.

Unha segunda opción é percorrer o sendeiro PRG-26 que discorre polas áreas máis representativas do Val do río Borbén posto que gracias a el podemos cruzar dito val polo vello camiño entre Tixosas e Mosteiro e disfrutar dun espléndido souto de ribeira, acadar miradoiros e achegarnos ós núcleos de poboación máis significativos. Os camiños enlousados, valados de pedra, pasais, canles, pontellas e emparrados fan deste sendeiro un espazo de gran calidade natural e ambiental. A metade dos seus 15 km compártense co sendeiro anterior.

Unha estancia en Pazos, por curta que sexa, permitiranos sentir admiración pola sabedoría popular das xentes, polo seu coñecemento da terra adquirido na loita diaria con ela. Neste senso, resulta de gran interese visitar A casa da sociedade na Ermida, pequeno museo etnográfico no que o visitante pode apreciar aparellos de traballo de época, mobles, louza antiga e roupas de liño, que lle axudarán a entender mellor o xeito de vivir dos nosos ancestros.

Onde Xantar

Casa Rodríguez:

Especializado en carnes e peixe.
Amoedo-Carballiño, nº 14.
Tfno: 986 497 148

Bar Casa Teillado:

Especializado en tapas variadas e comidas caseiras.
Pazos, nº 24.
Tfno: 986 497 134

Bar Cornadán:

Especializado en viños, tapas e comidas caseiras.
Pazos, nº 19.
Tfno: 986 497 003.

Calendario de festas

- ▶ **Romaría de San Amaro**, avogado de enfermidades reumáticas, en Amoedo, 15 de xaneiro.
- ▶ **San Sebastián**, no barrio de Sequeros, o 20 de xaneiro
- ▶ **Festas do Antroido**, en Pazos, o domingo de antroido e sábado de piñata.
- ▶ **"Festa das papas"**, na Ermida, o primeiro domingo de Pascua.
- ▶ **San Pedro**, en Cepeda, o 29 de xuño.
- ▶ **Nosa Señora dos Remedios**, en Moscoso, o primeiro fin de semana de xullo.
- ▶ **A Virxe do Carme**, en Nespereira, o día 16 de xullo.
- ▶ **Santiago Apóstolo**, en Borbén, o día 25 de xullo.
- ▶ **San Salvador**, en Xunqueiras, o día 6 de agosto.
- ▶ **A Virxe Branca**, en Borbén, o primeiro domingo e luns de agosto.
- ▶ **Santa María**, en Pazos, o día 15 de agosto.
- ▶ **Romaría do Santo Aparecido**, en Borbén, o último domingo de agosto.
- ▶ **Virxe do Rosario**, en Xunqueiras, o 12 de setembro.
- ▶ **Santa Teresa**, en Nespereira, o 15 de outubro.
- ▶ **San Saturnino**, en Amoedo, o 29 de novembro.
- ▶ **Santa Bárbara**, en Pazos, o 4 de decembro.
- ▶ **A Inmaculada Concepción**, en Moscoso, o 8 de decembro.
- ▶ **Santa Lucía**, en Cepeda, o 13 de decembro.

CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN



LENDIA



CONCELLO



IGREXAS



PANQUES FORESTAIS



ESPACIOS NATURAIS



MIRADIROS



PETROGLIFOS

- 1 Muíño e Pontella do Río Barragán
- 2 Casa da Sociedade
- 3 Muíño do Río Borbén
- 4 Muíño do Pedreiríño

INTERESE ETNOGRÁFICO



FARROQUIAS



BARRIOS

VÍAS DE COMUNICACIÓN

GR-66 LONGO PERCORRIDO
PRG-85 CORTO PERCORRIDO
SENDEIRO